



A REPERCUSIÓN DO REXISTRO CENTRAL DE DELINCUENTES SEXUAIS NO VOLUNTARIADO

Todas as entidades de acción voluntaria que realicen programas de voluntariado que impliquen contacto con menores deben solicitarlles ao seu persoal contratado e ás persoas voluntarias que colaboren con eles un certificado do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais

No ano 2015, foi aprobada a Lei [26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia](#). Entre as modificacións que inclúe esta nova Lei, polo artigo primeiro, apartado 8, introduciu un novo punto ao [artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor](#) de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil (LOPM), co seguinte texto:

"5. Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ser condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para ese efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais."

Terán a obriga de acreditar o cumprimento do requisito previsto neste artigo **todas as persoas que pretendan exercer ou exerzan profesións, oficios, actividades ou voluntariados que impliquen contacto habitual con menores en centros, servizos, programas e calquera outro recurso destinado a menores de idade**, tales como os centros de protección e de reforma, os puntos de encontro familiar, as escolas infantís, os centros de orientación e/ou mediación familiar e, en todo caso, as seguintes persoas:

- x O director e ou persoal responsable do centro, servizo, programa ou recurso.
- x Os educadores sociais, traballadores sociais, psicólogos, monitores, adestradores deportivos e calquera outra persoa que teña encomendado o coidado e a atención dos menores.
- x O persoal que preste servizo de transporte, asistencia no comedor, vixilancia e calquera outro servizo complementario.
- x O persoal que preste servizos que impliquen o coidado de menores fóra do horario lectivo ou en actividades extraescolares.
- x **O persoal que realice actividades de voluntariado.**

Para tales efectos, deberá solicitarse do persoal afectado unha **certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais** ou a autorización para consultar estes datos, mediante consentimento do interesado, ao amparo do disposto na letra c/ do artigo 16 do Real Decreto 95/2009 (c) *Polo Encargado dos Rexistros integrados no Sistema de rexistros administrativos de*



apoio á Administración de Xustiza, sempre que non se trate de información reservada a Xuíces e Tribunais, informarse igualmente dos datos contidos nas inscricións dos Rexistros Centrais de Penados, de Medidas Cautelares, Requisitorias e Sentenzas Non Firmes, de Protección das Vítimas de Violencia Doméstica e de Rebeldes Civís, a instancia de calquera órgano das Administracións Públicas ante o que se tramite un procedemento no que sexa preceptivo este certificado para acceder a un dereito ou adquirir unha condición determinada con consentimento do interesado, sexa esta persoa física, xurídica ou entes sen personalidade, manifestado directamente ou a través do seu representante, salvo que unha norma con rango de Lei exceptúe. Dita información limitarase unicamente aos datos relativos á persoa física, xurídica ou ente sen personalidade interesado no procedemento).

Para o caso de que se trate de extranxeiros ou tivesen outra nacionalidade, ademais deberán achegar un certificado negativo de antecedentes penais do seu país de orixe ou de onde é nacional, traducido e legalizado de acordo cos Convenios internacionais existentes, respecto dos delitos aos que se refire o artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996. O alcance do devandito certificado dependería da normativa de cada país, ben do Rexistro de Delincuentes Sexuais expresamente, que xa existe en moitos países, ben do Rexistro de Penados, sen que en ningún caso poidan valorarse a estes efectos outros posibles delitos de natureza distinta á sexual que o cidadán cometese. Especialidades:

***Cando se trate de estranxeiros de orixe da Unión Europea ou nacionais da mesma, o Rexistro Central de Penados solicitará á autoridade central do Estado de nacionalidade da persoa que realiza a petición, información sobre os devanditos antecedentes para poder incluíla no certificado que se lle facilite. Neste caso, a tramitación do certificado estará condicionada á normativa, práctica e prazos do país de que se trate.*

***Nos casos de estranxeiros cuxos países non dispoñan dun Rexistro de antecedentes penais, podería esixírselle un certificado consular de boa conduta.*

A constatación de certificacións positivas implicará a adopción de medidas para apartar ao persoal afectado do contacto habitual con menores.

El 1 de marzo de 2016, entra en vigor o **REXISTRO CENTRAL DE DELINCUENTES SEXUAIS**. A creación deste rexistro foi aprobada el 11 de decembro dese mesmo ano no Consello de Ministros para cumprir a previsión da Ley Orgánica de Medidas de Protección da Infancia e á adolescencia (L.O. 1/1996, do 15 de xaneiro) e do artigo 37 do Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual, do 25 de outubro de 2007. Tal como se especifica no artigo 3 do [Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro, polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais](#):

"1.O Rexistro Central de Delincuentes Sexuais constitúe un sistema de información, de carácter non público e gratuito, relativo á identidade, perfil xenético, penas e medidas de seguridade impostas a aquelas persoas condenadas en sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidad sexuais ou por trata de seres humanos con fins de explotación sexual, incluíndo a pornografía, regulados no Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, con independencia da idade da vítima. Esta información referirase ás condenas ditadas tanto en España como noutros países, en particular os Estados membros da Unión Europea e do Consello de Europa.



2. A finalidade do Rexistro é contribuír á protección dos menores contra a explotación e o abuso sexual, con independencia de quen sexa o autor do delito, mediante o establecemento dun mecanismo de prevención que permita coñecer se quen pretende o acceso e exercicio de profesións, oficios e actividades que impliquen o contacto habitual con menores, carecen ou non de condenas penais polos delitos aos que se refire o apartado anterior.

Así mesmo, o Rexistro ten como fin facilitar a investigación e persecución dos delitos a que se refire o presente real decreto con obxecto de protexer ás vítimas menores de idade da delincuencia sexual, introducindo medidas eficaces que contribúan á identificación dos seus autores e de cooperación coas autoridades xudiciais e policiais doutros países, en particular cos Estados membros da Unión Europea e do Consello de Europa."

En conclusión, todas as entidades de acción voluntaria que realicen programas de voluntariado **que impliquen contacto con menores** deben solicitarlles ao seu persoal contratado e ás persoas voluntarias que colaboren con eles o referido certificado do Rexistro Central de Delicuentes Sexuais.

QUE SE PRECISA PARA SOLICITAR ESTE CERTIFICADO?

✓ **Impreso de solicitude Modelo 790** (pódese recoller no Rexistro Civil, na Xerencia Territorial do Ministerio de Xustiza ou descargar da páxina web: www.sede.mjusticia.gob.es).

✓ **Fotocopia compulsada** por un organismo oficial do DNI, **tarxeta de residencia** en vigor, **pasaporte co visado** en vigor ou documento de **identificación comunitario** ou equivalente.

A TRAVÉS DE QUE MEDIOS SE PODE SOLICITAR?

O Certificado pódese solicitar a través de tres vías:

✓ **Presencial:** Presencialmente na Xerencia Territorial do Ministerio de Xustiza (*Atención ao público de luns a venres de 09:00 h. a 14:00 h. Telf 981 246 231. Enderezo, R/ Emilia Pardo Bazán nº1, 1º. A Coruña*).

✓ **Por correo postal** (*unha vez reciban a documentación enviaranlle un código para poder acceder á descarga do certificado*).

✓ **On line:** a través da páxina web www.sede.mjusticia.gob.es se se dispón de certificado dixital- DNI electrónico (*unha vez reciban a documentación enviaranlle unha ligazón para poder descargar o certificado*).

NOTA IMPORTANTE: Existe a posibilidade de que o Concello ou a Asociación, solicite, previa autorización do interesado, o conxunto dos certificados do seu persoal técnico e voluntarios, para saber como prema na seguinte ligazón:

[Certificado de Delitos de Naturaleza Sexual - Trámites - Sede Electrónica \(mjusticia.gob.es\)](http://www.sede.mjusticia.gob.es)

Para resolver tódalas dúbidas que xurdan ao respecto, ademáis de chamar ao **981 246 231** podedes poñervos en contacto coa Xerencia Territorial do Ministerio de Xustiza a través do correo electrónico **gerencia.galicia@mju.es**.